DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 97 | Mércores, 26 de maio de 2021 | Páx. 26022

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

*RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2021 pola que se nomean os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e se publican os parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia para o curso 2021/22.*

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na disposición transitoria segunda, establece, entre outros aspectos, que ata a implantación das modificacións previstas nesta lei en relación co acceso e coa admisión ás ensinanzas universitarias, as administracións educativas, en colaboración coas universidades, de acordo coas súas competencias en materia de acceso á universidade, asumirán as mesmas funcións e responsabilidades que tiñan en relación coas probas de acceso á universidade e organizarán a realización material da proba e garantirán a súa adecuación ao currículo de bacharelato.

A Orde do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática PCM/2/2021, do 11 de xaneiro (BOE núm. 11, do 13 de xaneiro), pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, e as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2020/21, dispón no artigo 12.2 que no que non se opoña ao disposto no Real decreto 310/2016, do 29 de xullo; no Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, e nesta orde ministerial, as universidades asumirán as mesmas funcións e responsabilidades que tiñan en relación coa proba de acceso á universidade que se veu realizando ata o curso 2016/17.

Na Resolución conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional do 10 de febreiro de 2021, pola que se ditan as instrucións para realizar, dentro do curso 2020/21, a avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) no curso 2021/22 (DOG núm. 37, do 24 de febreiro), dispense que, en Galicia, as devanditas probas estarán reguladas, de forma supletoria, e no que resulte compatible co novo marco normativo, pola Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema universitario de Galicia.

CVE-DOG: k8v8q0p9-sva8-pyk7-fla1-w4bnejihepw2

O artigo 4.1 da Orde do 24 de marzo de 2011 establece que é a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), como órgano interuniversitario, o que ten a delegación de competencias propias das universidades do Sistema universitario de Galicia en materia de acceso.

Por outra banda, no artigo 4.2 determínase que a consellería competente en materia de educación nomeará os membros da CiUG, de acordo co establecido no convenio asinado, o 12 de marzo de 2001, polos reitores das universidades do Sistema universitario de Galicia en presenza do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

A Lei 6/2013, do 3 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, dispón no seu artigo 11 que, para o ingreso nos centros universitarios, as universidades públicas integrantes do Sistema universitario de Galicia constitúense nun distrito único para os estudos de grao e máster e as/os estudantes poderán acceder a calquera desas universidades sempre que reúnan os requisitos académicos necesarios.

Ao abeiro da referida normativa, o Consello de Goberno da Universidade da Coruña do 28 de abril de 2021, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 30 de abril de 2021 e o Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 29 de abril de 2021 aprobaron a táboa de parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia para o curso 2021/22.

De conformidade co exposto,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Nomeamento dos membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia*

Noméanse como membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) para o curso 2020/21:

Presidente:

Pedro Armas Diéguez (delegado do reitor da Universidade da Coruña).

CVE-DOG: k8v8q0p9-sva8-pyk7-fla1-w4bnejihepw2

Vicepresidentes:

Celso Rodríguez Fernández (delegado do reitor da Universidade de Santiago de Compostela).
Luis Muñoz López (delegado do reitor da Universidade de Vigo).

Vogais en representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

Iván Mira Fernández.
Berta Estrada Arias.
María Carmen García Rodríguez.

Artigo 2. *Publicación dos parámetros de ponderación*

Publícanse no anexo desta orde os parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia para o curso 2021/22.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2021

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

CVE-DOG: k8v8q0p9-sva8-pyk7-fla1-w4bnejihepw2

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia

# ANEXO

## Parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia

## Curso: 2021/22

CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

| RAMA | GRAO | MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Artes Escénicas | Cultura Audiovisual II | Debuxo Técnico II | Deseño | Economía da Empresa | Grego II | Fundamentos da Arte II | Historia da Arte | Historia da Filosofía | Latín II | Matemáticas Aplicadas II | Xeografía | 2ª Lingua Estranxeira II |
| Artes e Humanidades | Belas Artes | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | | | | |
| | Filoloxía Aplicada Galega e Española (1) | 0,1 | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 |
| | Español: Estudos Lingüísticos e Literarios | 0,2 | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 |
| | Filoloxía Clásica | 0,1 | 0,1 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 |
| | Filosofía | 0,1 | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| | Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | 0,2 | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 |
| | Historia | 0,1 | 0,1 | | | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| | Historia da Arte | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| | Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | 0,2 | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 |
| | Lingua e Literatura Españolas | 0,1 | 0,1 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 |
| | Lingua e Literatura Galegas | 0,1 | 0,1 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 |
| | Lingua e Literatura Inglesas | 0,1 | 0,1 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 |
| | Linguas e Literaturas Modernas | 0,1 | 0,1 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 |
| | Linguas Estranxeiras | 0,1 | 0,1 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 |
| | Tradución e Interpretación | 0,1 | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 |
| | Xeografía e Historia | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| | Xestión Cultural (1) | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| | Xestión Dixital da Información e Documentación | 0,1 | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 |

(1) Pendente da verificación definitiva.

| RAMA | GRAO | MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Bioloxía | Debuxo Técnico II | Física | Hª da Filosofía | Matemáticas II | Matemáticas Aplicadas II | Química | Xeoloxía |
| CIENCIAS | Bioloxía | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | 0,2 |
| | Biotecnoloxía | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | |
| | Bioquímica | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | |
| | Ciencias Ambientais | 0,2 | | 0,1 | | 0,1 | | 0,2 | 0,2 |
| | Ciencias do Mar | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | 0,2 |
| | Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos | 0,2 | | 0,1 | | 0,2 | | 0,2 | 0,1 |
| | Física | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | 0,1 |
| | Matemáticas | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,1 |
| | Nanociencia e Nanotecnoloxía | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | 0,1 |
| | Química | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | 0,1 |
| CIENCIAS DA SAÚDE | Enfermaría | 0,2 | | 0,1 | | 0,2 | | 0,2 | |
| | Farmacia | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | |
| | Fisioterapia | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | |
| | Logopedia | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | |
| | Medicina | 0,2 | | 0,1 | | 0,1 | | 0,2 | |
| | Nutrición Humana e Dietética | 0,2 | | 0,1 | | 0,2 | | 0,2 | |
| | Odontoloxía | 0,2 | | 0,1 | | 0,1 | | 0,2 | |
| | Optica e Optometría | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | |
| | Podoloxía | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | |
| | Psicoloxía | 0,2 | | | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | |
| | Terapia Ocupacional | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | |
| | Veterinaria | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| RAMA | GRAO | MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Artes Escénicas | Bioloxía | Debuxo Técn. II | Deseño | Economía da Empresa | Física | Fundamentos da Arte II | Historia da Arte | Matemáticas II | Matemáticas Aplicadas II | Química | Xeografía | Xeoloxía |
| ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA | Arquitectura Técnica | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 |
| | Ciencia e Enxeñería de Datos | | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría Aeroespacial | | | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,1 |
| | Enxeñaría Agraria | | 0,2 | 0,1 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,1 | | 0,2 |
| | Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria | | 0,2 | 0,1 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,1 |
| | Enxeñaría Biomédica | | 0,2 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría Civil | | | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,1 | | 0,2 |
| | Enxeñaría da Enerxía | | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Enxeñaría de Obras Públicas | | | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,1 | | 0,2 |
| | Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais | | 0,1 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,1 |
| | Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación | | | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,1 | | |
| | Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos | | 0,1 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Enxeñaría Eléctrica | | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática | | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría en Organización Industrial | | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría en Química Industrial | | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais | | | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría Forestal | | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Enxeñaría Forestal e do Medio Natural | | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Enxeñaría Informática | | | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría Mecánica | | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría Naval e Oceánica | | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Enxeñaría Química | | 0,1 | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Estudos de Arquitectura | | | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 |
| | Náutica e Transporte Marítimo | | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |
| | Paisaxe | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 |
| | Robótica | | | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,1 | | |
| | Tecnoloxía da Enxeñaría Civil | | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,1 | | 0,2 |
| | Máquinas Navais | | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | | | 0,2 | | 0,2 | | |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| RAMA | GRAO | MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Artes Escénicas | Bioloxía | Cultura Audiovisual II | Debuxo Técnico II | Deseño | Economía da Empresa | Física | Fundamentos da Arte II | Grego II | Historia da Arte | Historia da Filosofía | Latín II | Matemáticas II | Matemáticas Aplicadas II | Química | Xeografía | Xeoloxía | 2ª Lingua Estranx. II |
| CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS | Administración e Dirección de Empresas | | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 |
| | Ciencias da Actividade Física e do Deporte | | 0,2 | | | | 0,2 | 0.2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0.2 | 0,2 | | 0,2 |
| | Ciencia Política e da Administración | | | 0,2 | | | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Ciencias Empresariais | | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 |
| | Comercio | | | | | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Comunicación Audiovisual | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,1 | | 0,2 |
| | Creación Dixital, Animación e Videoxogos | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,1 | | 0,2 | 0,2 | | | | |
| | Criminoloxía | | 0,1 | | | | 0,1 | | | | | | | 0,2 | 0,2 | | | | 0,2 |
| | Dereito | | | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | | 0,1 | | 0,2 |
| | Dirección e Xestión Pública | | | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Economía | | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 |
| | Educación Infantil | 0,1 | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| | Educación Primaria | 0,1 | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| | Educación Social | | 0,2 | | | | | | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Empresa e Tecnoloxía | | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | | 0,1 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 |
| | Mestre en Educación Infantil | 0,1 | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| | Mestre en Educación Primaria | 0,1 | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| | Pedagoxía | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,1 | | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Publicidade e Relacións Públicas | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,1 | | 0,2 |
| | Relacións Laborais e Recursos Humanos | | | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Socioloxía | | | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Traballo Social | | | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Turismo | | | | | | 0,2 | | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Xeografía e Ordenación do Territorio | | | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Xestión Industrial de Moda | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | | | 0,2 |
| | Xornalismo | 0,2 | | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| PROGRAMAS DE SIMULTANEIDADE | | MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Artes Escénicas | Bioloxía | Cultura Audiovisual II | Debuxo Técnico II | Deseño | Economía da Empresa | Física | Fundamentos da Arte II | Grego II | Historia da Arte | Historia da Filosofía | Latín II | Matemáticas II | Matemáticas Aplicadas II | Química | Xeografía | Xeoloxía | 2ª Lingua Estranx. II |
| PROGRAMAS DE SIMULTANEIDADE | Simultaneidade de grao en Administración e Dirección de Empresas e grao en Dereito | | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 |
| | Simultaneidade de grao en Turismo e grao en Xeografía e Historia | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Simultaneidade de grao en Administración e Dirección de Empresas e grao en Enxeñaría Informática | | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 |
| | Simultaneidade de grao en Enxeñaría Biomédica e grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática | | 0,2 | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | | | | 0,2 | | 0,2 | | | |
| | Simultaneidade de grao en Enxeñaría Biomédica e grao en Enxeñaría Mecánica | | 0,2 | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | | | | 0,2 | | 0,2 | | | |
| | Simultaneidade de grao en Enxeñaría Mecánica e grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | | | | 0,2 | | 0,2 | | | |
| | Simultaneidade de grao en Comunicación Audiovisual e grao en Xornalismo | 0,2 | | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Simultaneidade de grao en Dereito e grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos | | | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Simultaneidade de grao en Enxeñaría Informática e grao en Matemáticas | | 0,2 | | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,1 | |
| | Simultaneidade de grao en Matemáticas e grao en Física | | 0,2 | | 0,2 | | | 0,2 | | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | | 0,1 | |
| | Simultaneidade de grao en Química e grao en Bioloxía | | 0,2 | | | | | 0,2 | | | | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: k8v8q0p9-sva8-pyk7-fla1-w4bnejihepw2



| | PROGRAMAS DE SIMULTANEIDADE (Continuación) | MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Artes Escénicas | Bioloxía | Cultura Audiovisual II | Debuxo Técnico II | Deseño | Economía da Empresa | Física | Fundamentos da Arte II | Grego II | Historia da Arte | Historia da Filosofía | Latín II | Matemáticas II | Matemáticas Aplicadas II | Química | Xeografía | Xeoloxía | 2ª Lingua Estranx. II |
| PROGRAMAS DE SIMULTANEIDADE | Simultaneidade de grao en Química e grao en Física | | 0,2 | | | | | 0,2 | | | | | | 0,2 | | 0,2 | | 0,1 | |
| | Simultaneidade de grao en Farmacia e grao en Óptica e Optometría | | 0,2 | | | | | 0,2 | | | | | | 0,2 | | 0,2 | | | |
| | Simultaneidade de grao en Mestre en EducaciónInfantil e grao en Mestre en Educación Primaria | 0,1 | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 |
| | Simultaneidade de grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e grao en Enxeñaría Forestal | | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | | | | | | 0,2 | | 0,2 | 0,2 | | |
| | Simultaneidade de grao en Enxeñaría Mecánica e grao en Enxeñaría Naval e Oceánica | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | | | | 0,2 | | 0,2 | | | |
| | Simultaneidade de grao en Ciencias Empresariais e grao en Turismo | | 0,2 | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 |
| | Simultaneidade de grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios e grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | 0,2 | | 0,2 | | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | | | 0,2 | | 0,2 |
| | Simultaneidade de grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios | 0,2 | | 0,2 | | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | | | 0,2 | | 0,2 |
| | Simultaneidade de grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | 0,2 | | 0,2 | | | | | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | | | 0,2 | | 0,2 |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| | GRAOS ABERTOS | MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Artes Escénicas | Bioloxía | Cultura Audiovisual II | Debuxo Técnico II | Deseño | Economía da Empresa | Física | Fundamentos da Arte II | Grego II | Historia da Arte | Historia da Filosofía | Latín II | Matemáticas II | Matemáticas Aplicadas II | Química | Xeografía | Xeoloxía | 2ª Lingua Estranx. II |
| GRAOS ABERTOS | Grao aberto 5 USC Enxeñarías (USC) | | 0,1 | | 0,2 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | | | | | | 0,2 | | 0,1 | | 0,1 | |
| | Grao aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas | | | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,1 | 0,1 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | 0,2 | | 0,2 | | 0,2 |
| | Grao aberto en Enxeñaría Industrial | | | | 0,2 | | 0,1 | 0,2 | | | | | | 0,2 | | 0,2 | | | |